

GRECIA, DE POLIS A IMPERIO

1.- ONDE VIVIRON OS ANTIGOS GREGOS.

Os antigos gregos eran una mestura de pobos que dende o segundo milenio A.C se foran instalando sobre a península balcánica, as costas de Asia Menor e as illas do Mar Exeo.

ORGANIZÁBANSE: en cidades-Estado, que eran independentes, recibían o nome de **Polis**(cada una tiña as súas leis, moeda, exército). A pesar das diferenzas entre elas os habitantes sentíanse membros da **Hélade**, que significa “o país dos helenos”(gregos).

2.- QUE OS UNÍA, SENTIMENTO DE HÉLADE.

A.- ORIXES COMÚNS. As primeiras culturas que xurdiron nestes territorios e influiron posteriormente foron:

CULTURA CRETENSE. Na illa de Creta, destacou a cidade de Cnosos con ricos palacios.

CULTURA MICÉNICA. No Peloponeso, destacan as cidades de Micenas e Titinto. Esta civilización desapareceu coa chegada dos pobos dorios.

B.- UNHA MESMA LÍNGUA E CULTURA. Falaban una mesma língua. Utilizaban un alfabeto silábico que empregaba por primeira vez as vocais. A literatura en língua grega axudou a difundir a súa cultura. Os poemas de Homero, s VIII A.C, narran as historias dos antepasados gregos. Destaca a *Ilíada*(narra a guerra de gregos e troianos), e a *Odisea*(narra as aventuras de Ulises despois da guerra de Troia).

C.- MESMOS DEUSES E RITOS.

Eran politeístas. Representaban aos deuses con forma humana e estes vivían no monte Olimpo. Tiñan paixóns, vicios e virtudes, pero a diferenza dos humanos eran inmortais.

Para homenaxear aos deuses celebraban festas relixiosas, culturais e deportivas, tiñan lugar en grandes santuarios como o Zeus(Olimpia), Apolo de Delfos.

D.-MESMA FORMA DE VIDA.

Tiñan os mesmos costumes e forma de vida, alimentábanse e vestíanse de xeito parecido.

A HISTORIA DE GRECIA DIVÍDESE EN TRES GRANDES ETAPAS.

ARCAICA

CLÁSICA

HELENÍSTICA

S.IX A.C-S.VI A.C

S. V A. C- S. IV A.C

S.IV A.C- S.I A.C

ETAPA ARCAICA

3.- CIDADES-ESTADO GREGAS.

Dende o s. VIII a.C, os gregos organizábanse en cidades_Estado, chamadas Polis. Nun principio estaban gobernadas por xefes locais, pero máis tarde foron as persoas máis ricas as que tiñan o poder, os chamados **aristoi**, que significa “os mellores” de onde ven a palabra aristocracia. Normalmente estaban amuralladas e todas tiñan una estrutura semellante.

- Na parte alta ou **Acrópole**, era onde se atopaban os edificios relixiosos, estaba amurallada.
- Na parte baixa, situábanse as vivendas. No centro estaba a **Ágora**, praza onde se instalaba o mercado e rodeada dos edificios máis importantes, era o centro da vida.

4.- COLONIAS GREGAS.

A partir do s.VIII a.C algún gregos abandonaron Grecia para fundar novas cidades ao redor do Mediterráneo e do Mar Negro, fomentando así o comercio e difundindo a cultura grega.

Normalmente eran campesinos que non tiñan propiedades, cidadáns que temían caer na escravitude por débedas, persoas que fuxían de gobernos tiránicos, comerciantes que querían ampliar os seus mercados.

4.1.- POR QUE EMIGRARON?

O aumento de poboación e as terras que non eran o suficientemente fértiles, fixo que buscasen novas alternativas.

4.2.- ONDE SE ESTABLECERON AS COLONIAS?

Os territorios elixidos tiñan as seguintes características:

- Preto da costa para favorecer o transporte e o comercio
- En colinas para facilitar a defensa ante invasións.
- En terreos fértiles e con auga.

4.3.- COMO FOI A EXPANSIÓN.

1º. Cara o Oeste: costa do Mar Xónico, Sicilia, Sur de Italia e Francia, e Este da Península Ibérica.

2º.Cara o Este: costa do Mar Negro.

4.4.- PARA QUE SERVIRON AS COLONIZACIÓNS.

Serviron para que a cultura grega se extendese máis alá das súas fronteiras e para que os gregos entrasen en contacto con outros pobos como os fenicios, exipcios ou etruscos.

ETAPA CLÁSICA.

Caracterízase por:

- Dúas polis superiores ao resto, Esparta e Atenas.

-Sucederse constantes guerras.

5.- GRANDES POLIS: ESPARTA E ATENAS.

ATENAS: a forma de goberno era a **democracia** (goberno do pobo). Os cidadáns reuníanse nunha asamblea onde elixían aos gobernantes e dictaban as leis. Esta democracia consolidouse no s. V a.C gracias a reforma de tres grandes lexisladores: Solón, Clístenes e Pericles, aínda que hoxe en día sería un sistema antidemocrático, pero podemos dicir que a democracia xurdiu en Atenas.

POR QUE HOXE SERÍA ANTIDEMOCRÁTICO ESE SISTEMA?

Os atenienses non eran todos iguais nin gozaban dos mesmos dereitos. Só uns poucos eran considerados como cidadáns e podían votar na asamblea e participar no goberno da cidade.

- As mulleres non tiñan dereito ao voto e participaban pouco da vida política.
- Os escravos eran propiedade doutra persoa e non tiñan dereitos.
- Cidadáns, eran fillos de pai e nai ateniense, tiñan dereito a votar e a cargos públicos. Os máis adinerados podían pasar a ser **hoplitas** (principal forza a pé do exército).
- Metecos, non eran fillos de atenienses, considerábaselles extranxeiros, pagaban impostos pero non podían participar na vida política, podían formar parte do exército pero non ocupar cargos de mando.

As persoas que traizoaban os principios democráticos podían ser expulsados das polis (**ostracismo**).

ESPARTA: a forma de goberno era a **oligarquía** (goberno duns poucos). Estaba gobernada polos aristoi, que eran grandes propietarios e a élite guerreira. Tomaban decisións políticas, xudiciais e dominaban ao exército, o pobo non participaba.

Algunhas cidades estiveron gobernadas por tiranos, que tomaban o poder por forza e se imponían, sendo nestes casos a forma de goberno a **tiranía**.

6.- GUERRAS MÉDICAS: PERSAS-GREGOS.

S. V a.C, os atenienses enfróntanse aos persas que querían conquistar a súa polis.

Na 1ª guerra médica os gregos vencen aos persas na **batalla de Maratón**.

Na 2ª guerra médica, volven a vencer nas **batallas de Salamina e Platea**.

Con estas vitorias Atenas converteuse na cidade máis poderosa da Hélade.

Para organizarse militarmente ante outro posibles ataque persa creouse a **Liga de Delos**, unha asociación de cidades dirixida por Atenas, cada polis contribuía con barcos e cartos, Atenas era a que recadaba impostos que gardaba na illa de Delos.

7.- GUERRAS DO PELOPONESO: ESPARTA- ATENAS.

Esparta opoñíase a hexemonía ateniense e encabezou una coalición de cidades para enfrontarse a Atenas, **Liga do Peloponeso**, iniciándose así as guerras do Peloponeso, nas que Atenas foi derrotada.

A guerra deixou a Grecia sumida nun estado de pobreza, ademais o conflito entre a democracia ateniense e a oligarquía de Esparta xerou guerras entre as polis. Moitas cidades entre elas Atenas caeron en mans de tiranos.

ETAPA HELENÍSTICA

8.- MACEDONIA CONQUISTA A HÉLADE.

S.IV a.C, Macedonia, territorio do Norte de Grecia, era gobernada polo rei Filipoll, quen aproveitou a decadencia das polis para facerse co poder. Derrotou a Atenas e lanzouse á conquista de Grecia.

O seu fillo Alexandre Magno, pretendía difundir a civilización grega e achegar os gregos ás civilización orientais.

- A expedición de Alexandre iniciouse en Asia Menor, onde venceu aos persas.
- Seguiu cara Siria e Exipto onde funda a cidade de Alexandría.
- Invade o imperio persa e conquista as súas grandes cidades, Susa e Persépolis.
- Avanza cara Asia Central chegando o actual Paquistán. Chegado as portas da India, os seus soldados negáronse a avanzar e o exército iniciou o regreso, Alexandre more no camino de volta, sen poder organizar o seu imperio.

Tras a súa morte os seus xenerais dividiron o territorio en catro reinos, chamados monarquías helenísticas.

TRABALLO PARA HISTORIA 1º ESO

Os alumnos/as que teñan un exame con menos dun tres deberán preparalo.

Quen non realizou o exame correspondente a unidade 11 “primeiras civilizacións: Mesopotamia e Exipto”, deberá preparalo.

Adxunto o resumo da seguinte unidade “Grecia, de polis a imperio” para que a leades e intentedes facer os exercicios da páxina 217 do libro.

O meu correo é azulgiraldez@gmail.com, por si tedes alguna dúbida importante.

Saúdos, e aproveitade o tempo!!!